



Concello de Lugo

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

ASUNTO: CONTRATACIÓN DE VINTECINCO PRAZAS DE ATENCIÓN A PERSOAS MAIORES DEPENDENTES EN REXIME DE ATENCIÓN DIURNA. LECTURA DE INFORME DO COMITÉ DE EXPERTOS E APERTURA SOBRE C.

Sendo as 13:00 horas do día 26 de xaneiro de 2012, no salón de comisións do Centro de Servizos Municipais (sito na Ronda da Muralla 197), constitúese a Mesa de Contratación, presidida pola llima Sr Tenente de Alcalde delegada da área de economía, emprendemento, autónomos e educación dona Sonia Méndez García, actuando como vocais dona Ana González Abelleira concelleira de servizos sociais, polo Grupo do PSOE dona Esther Muñoz, polo Grupo municipal do Partido Popular don Ángel Trabada, polo Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego dona Paz Abraira, don Marcial Rodríguez Toajas Interventor Xeral do Concello, dona Ana I. Sáez Mancebo, titular da asesoría xurídica e actuando como secretario don Manuel Louzao Aldariz xefe de servizo do servizo de contratación, patrimonio e fomento do Concello.

Están presentes no acto de lectura do informe técnico da xefa de servizo de servizos sociais e apertura dos sobres C os representantes da empresa ALALÁS don Santiago Seijas e da empresa SANYRES dona Lucía Témez e dona María Angeles Escudero.

Por parte do Secretario da Mesa se procede á lectura do informe técnico emitido pola xefa de servizo de servizos sociais coa puntuación obtida polos licitadores en aplicación dos criterios non valorables automaticamente e que en total resulta:

CADRO RESUMO PUNTUACIÓNS

	Alalás	Sanyres
Melloras	30 Puntos	21,62 puntos
Programa de traballo:	5 puntos	0 puntos
Medios persoais	5 puntos	5 puntos
^Medios materiais		

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/atm

Ref>: lectura informe e apertura sobre C CONCERTÓ 25 PRAZAS CENTRO DE DÍA

Asunto:

Outros	5 puntos	5 puntos
TOTAL PUNTUACIÓN	45 puntos	31,62 puntos

A continuación se procede á apertura dos sobres C presentados polas empresas licitadoras resultando o seguinte:

ALALÁS S.L. oferta:

- Un prezo de 600 euros mensuais/praza máis o 4% (IVE) -24 euros- resultando un total de 624 euros IVE engadido.
- 200 horas de formación

SANIDAD Y RESIDENCIAS 21 S.A. (SANYRES) oferta:

- Un prezo de 600 euros mensuais/praza máis o 4% (IVE) -24 euros- resultando un total de 624 euros IVE engadido.
- 3.488 horas de formación

Tendo en conta as puntuacións resultado da avaliación da oferta suxeita a criterios de valoración non matemáticos así como a puntuación que resulta da valoración dos criterios matemáticos resulta a seguinte puntuación total:

EMPRESA	PUNTUACIÓN SOBRE B	PUNTUACIÓN PREZO	PUNTUACIÓN HORAS FORMACIÓN	TOTAL PUNTOS
ALALAS	45	50	0,29	95,29
SANYRES	31,62	50	5	86,62


En consecuencia a Mesa de Contratación propon adjudicar o contrato á empresa ALALAS S.L. por ter presentado a oferta economicamente máis ventoxosa.

Dase copia do informe da xefa de servizos sociais ó representante da empresa licitadora SANYRES asistente a este acto público.

Sen mais que manifestar, conclúese co asunto de referencia ás 13:30 horas no lugar sinalado no encabézamento.

A PRESIDENTA

Asdo: Sonia



O SECRETARIO



Asdo: Manuel Louzao Aldariz